



BOP

MARTES, 4 DE AGOSTO DE 2020

N.º 177

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Dolores Uz Pardiñas solicita de Augas de Galicia a legalización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.68513

A legalización das obras solicitadas consisten na demolición dun muro e movemento de terras no predio do Acordo da Concentración Parcelaria situado na parcela 1371 do polígono 6; na zona de policía de leitos dun rego innominado; no lugar do Fargallo, na parroquia de San Pedro de Mor, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 28 de xullo de 2020.- A xefa do Servizo Territorial de Lugo. P. S. 08/07/2020, O xefe do Servizo da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1676

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 20 de Xullo de 2020, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2020:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2020).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 17 de agosto de 2020 ata o 19 de outubro de 2020. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 28 de xullo de 2020.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1679

Anuncio

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 31 de xullo de 2020, foron delegadas as funcións de Alcaldía - Presidencia, por ausencia do termo municipal de Castroverde, no Primeiro Tenente de Alcalde, don Eduardo Álvarez López, dende o día 3 ao 9 de agosto de 2020, ambos os dous inclusive.

Castroverde, a 31 de xullo de 2020.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1714

FOZ*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 23 de xullo de 2020, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de maio e xuño de 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 1 de agosto e o 30 de setembro de 2020.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 24 de xullo de 2020.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1680

LUGO*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto número 4127/2020, de data 16 de xullo de dous mil vinte, aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao segundo trimestre de 2020, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da

finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 21 de xullo de 2020.-A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE, Álvaro Santos Ramos.

R. 1681

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 01/06/20 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 13 de xuño de 2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Primeiro.- *Suspender á da Ordenanza reguladora taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa durante ata o 31.12.2020, deixando a súa cota a 0.*

Segundo: *A Ordenanza reguladora taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa volcerá a entrar en vigor o día 01.01.2021.”*

Monterroso, 29 de xullo de 2020.- O alcalde en funcións, Xabier Vázquez García.

R. 1682

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 01/06/20 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións para o seu correspondente cobro. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 13 de xuño de 2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO NO CHAN, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS A FAVOR DAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS PARA O SEU CORRESPONDENTE COBRO

Art. 1.- Fundamento e Natureza.

Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de Bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se dirán, ou que veñan disfrutando dos devanditos beneficios.

Art. 2.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito Impoñible desta taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, con:

a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións de Idominio público local non recollidos neste apartado.

b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

c) Instalacións de telefonía.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se achen no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.

O obxecto desta taxa só alcanza á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, de instalacións que dean subministración a persoas físicas, xurídicas e resto de entidades nun punto de subministración dentro do ámbito territorial do Concello.

O obxecto non alcanza, por tanto, á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, de instalacións que dean subministración a outras poboacións (instalacións de paso), nin a instalacións que non dean subministración algún, que serán gravadas mediante a habilitación de outra ordenanza.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que gocen, utilicen ou aproveiten o dominio público local mediante a autorización administrativa preceptiva ou sen ela.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade, hidrocarburos, telefonía e calquera outras subministracións de interese xeral, sempre que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, fornecen e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar pero que utilicen ou aproveitan o dominio público municipal, afectando as súas instalacións ao dominio público local.

Artigo 4.- Responsables

Serán responsables solidarios ou subsidiarios as persoas que en aplicación dos artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así o resulten.

Artigo 5.- Base Impoñible

A base impoñible vén constituída polo total dos ingresos brutos polos servizos fornecidos a clientes do Concello de Monterroso a que se refire o artigo anterior, nos casos de empresas subministradoras de servizos de subministracións xerais, tales como electricidade, gas, hidrocarburos, telefonía e calquera outros.

Artigo 6.- Tipo e Contía

A contía da taxa determínase aplicando o 1,5% sobre a base impoñible calculada anteriormente.

Artigo 7.- Devengo

O devengo da taxa terá lugar o día 1 do trimestre natural de cada ano, e o período impositivo comprenderá o mes natural seguinte á finalización do período de deveso, salvo nos supostos de inicio ou cesamento nos aproveitamentos, nese caso o período impositivo axustarase á devandita circunstancia co consecuente prorrateo da cota.

Artigo 8.- Liquidación e Ingreso.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

As empresas explotadoras de servizos de subministracións que sexan suxeitos pasivos da taxa deberán presentar trimestralmente declaración dos ingresos brutos que obteñan dentro do termo municipal. Dita declaración será presentada no Concello con firma do director xerente ou da persoa en quen este delegue expresamente, e selo da empresa.

Simultaneamente á presentación da declaración as empresas obrigadas ao pago deberán, dentro do mes seguinte ao trimestre obxecto de declaración, autoliquidar a correspondente taxa e efectuar o pago na Tesoureiría Municipal, a través de entidade colaboradora ou na forma e prazos previstos nos convenios aos que o Concello adhírase para xestión da taxa. No concepto do pago deberá incluírse expresamente o ano e o trimestre ao que corresponde o pago.

Artigo 9.- Infraccións

O incumprimento da obrigaón de presentar a declaración-liquidación, de efectuar o ingreso en prazo, ou de efectualo en contía inferior á debida, comportará a esixencia das recargas por extemporaneidad ou en vía de

prema, así como o inicio de procedementos de inspección e, no seu caso, a imposición da correspondente sanción, todo iso de acordo co previsto na Lei Xeral tributaria e nas ordenanzas de xestión, recadación e inspección.

Artigo 10.- Exencións, Reducións e Demais Beneficios Legalmente Aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprueba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de lei.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ao pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Artigo 11.- Destrucción ou Deterioración

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Tal depósito constituirase en función do valor dos bens ou instalacións que puidesen resultar afectados, previo ditame do técnico municipal que os cifre.

No suposto de empresas que representen una certa continuidade ou periodicidade no aproveitamentos, aínda cando sexa en lugares distintos da cidade, co fin de facilitar a xestión administrativa derivada da mesma, poderá concertarse a constitución dun depósito global, que poderá constituírse en metálico ou mediante aval ou fianza de carácter solidario prestado por unha entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, revisable nos períodos que no convenio determínense, e cuantificado en función dos presuntos danos polo aproveitamento de tales períodos.

O Depósito poderase afectar a sancións por incumprimento da normativa vixente ou das condicións da Licenza. A devolución da fianza esixirá informe previo favorable sobre o cumprimento estrito da normativa vixente, das condicións da Licenza e da correcta reparación do pavimento.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor o día 01.01.2021, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación.

Monterroso, 29 de xullo de 2020.- O alcalde en función, Xabier Vázquez García.

R. 1683

QUIROGA

Anuncio

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE QUIROGA 2020-2021

1.- FUNDAMENTO DA PRESENTACIÓN DO PLAN

De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOESPF), segundo a redacción dada polo artigo 1.7 da Lei 9/2013 de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un Plan Económico Financeiro que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

A estabilidade orzamentaria pasou de ser un obxectivo da política económica a articularse en termos de obriga legal e constitucional.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de presupostos, aprobouse a liquidación do orzamento do Concello de Quiroga correspondente ao exercicio 2019, mediante Decreto da Presidencia do 30/03/2020 (expte nº 96/2020), acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte da Entidade Local do obxectivo da regra de gasto no importe de **-341.443,54 €**

Así, de acordo co sinalado no informe de Intervención, "*...o incumprimento da regra de gasto obriga á Corporación á aprobación dun Plan Económico-financeiro, nos termos do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e Sostabilidade Financeira, cunha vixencia este propio exercicio 2020 e o exercicio de 2021.*".

O artigo 21 da LOEPSF, refírese, no seu apartado 2º, ao contido do Plan, nos seguintes termos:

“2. El plan económico-financiero contendrá como mínimo la siguiente información:

- a) Las causas del incumplimiento del objetivo establecido o, en su caso, del incumplimiento de la regla de gasto.
- b) Las previsiones tendenciales de ingresos y gastos, bajo el supuesto de que no se producen cambios en las políticas fiscales y de gastos.
- c) La descripción, cuantificación y el calendario de aplicación de las medidas incluidas en el plan, señalando las partidas presupuestarias o registros extrapresupuestarios en los que se contabilizarán.
- d) Las previsiones de las variables económicas y presupuestarias de las que parte el plan, así como los supuestos sobre los que se basan estas previsiones, en consonancia con lo contemplado en el informe al que se hace referencia en el apartado 5 del artículo 15.
- e) Un análisis de sensibilidad considerando escenarios económicos alternativos.”.

Respecto da súa tramitación, aprobación e seguimento, o procedemento ven recollido nos artigos 23 e ss. da mesma norma, conforme o cal, o PEF deberá ser elaborado e presentado ante o Pleno da Corporación no prazo dun mes dende que se constate o incumprimento, e deberá ser aprobado polo Pleno no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, non podendo exceder a súa posta en marcha de 3 meses dende a constatación do devandito incumprimento.

A aprobación do PEF está suxeito, por imperativo legal, á mesma publicidade que a establecida para os Orzamentos, polo tanto, na mesma aprobación se ordenará a súa publicidade no BOP aos efectos do trámite de exposición pública, por un prazo de 15 días hábiles, transcorrido o cal se procederá á publicación íntegra do Plan Económico Financeiro 2020-2021 do Concello de Quiroga no BOP de Lugo e á súa remisión ao Ministerio de Facenda e á Comisión Nacional da Administración Local”.

2.- OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico-financiero son que o Concello de Quiroga continúe cumprindo con todas as magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación:

- Aforro Neto positivo.
- Remanente de Tesourería positivo.
- Resultado Orzamentario positivo.
- Nivel de Endebedamento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio.
- Estabilidade Orzamentaria en situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento.
- Cumprimento da Regra de Gasto.

Para lograr estes obxectivos, principalmente a regra de gasto, que foi o que motivou a elaboración do presente Plan, o mesmo estrutúrase nas seguintes fases, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda:

1ª FASE: CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL:

Dita fase consiste en realizar unha análise das magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das Regras Fiscais de conformidade co previsto na LOEPSF e cales son as previsións tendenciais baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

2ª FASE: MEDIDAS: DESCRIPCIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO:

Esta fase consiste en determinar as estratexias de actuación e as medidas a adoptar; propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrixir a situación cuantificando o efecto que ditas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinálanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa Capacidade/Necesidade de Financiamento, Límite de Gasto e Nivel de Débeda.

3ª FASE: CONCLUSIÓN E OBXECTIVO:

Isto é, téñense que levar á práctica as medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme o calendario de actuación que se aprobe.

4ª FASE: CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN.

O control será realizado polo órgano de Tutela financeira a través dos Informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

Ao contido mínimo anterior, hai que engadir o contido establecido no apartado 2 do artigo 9 da Orde HAP/2105/2012 recollido nos seguintes termos:

“a) Las medidas correctoras aprobadas, cuantificadas y fundamentadas, señalando la fecha de su implementación.

Estas medidas deberán ser coherentes con la variación interanual de sus previsiones presupuestarias respectivas.

b) La estimación y justificación de los ajustes de contabilidad nacional y la coherencia con el límite de gasto no financiero, calculado en la forma que establece la regla del gasto.

c) La evolución de la deuda, el cumplimiento del límite de deuda, las magnitudes de ahorro bruto y neto, la estimación de los saldos de tesorería, el exceso de financiación afectada y el remanente de tesorería para gastos generales.”.

Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de Bases de Réxime Local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes medidas:

“a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

b) Xestión organizativa.

e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.”.

3.- PRIMEIRA FASE: CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL

Analizados os gastos do exercicio 2019, e comparados co exercicio precedente, o incumprimento da regra de gasto enténdese que, principalmente, viu motivado, fundamentalmente, polos gastos de investimentos (capítulo 6 do orzamento) e, en menor medida, polos gastos en bens correntes e servizos (capítulo 2 do rozamento).

No caso do capítulo 2, o incremento derívase do incremento dos servizos prestados polo Concello, especialmente nos programas de gastos 231 (Prestación de servizos sociais básicos), 330 (Gastos en cultura) e 450 (Mantemento de infraestrutura viaria).

O maior incremento do gasto rexístrase no capítulo 6 do orzamento (investimentos reais), centrándose especialmente na área de cultura (330), como consecuencia das ampliación das instalacións museísticas, na área de servizos básicos, fundamentalmente melloras dos servizos de abastecemento de auga (161) e mellora da rede viaria urbana (150), e na área de infraestruturas viaria xeral (450).

De tódolos xeitos, hai un elemento moi importante a ter en conta: A execución do orzamento do exercicio 2018 foi moi baixo, debido a factores de orde administrativa, presentando unha redución do gasto con respecto ao exercicio 2017 de máis de 268.000 euros. A consecuencia foi que gran parte dos gastos en investimentos trasladáronse ao exercicio 2019, mediante as oportunas modificacións de créditos.

Polo tanto, non se detecta unha causa estrutural do incremento dos gastos no exercicio 2019, se non que é o resultado dunha asunción de obrigas que deberon ser obxecto de imputación ao exercicio anterior, o que, unido a un incremento de determinados investimentos e servizos básicos nas áreas de cultura e servizos sociais, levou a unha elevación moi significativa dos gastos en termos comparativos con exercicio anterior. De tódolos xeitos, se analizamos a evolución dos exercicios anteriores, inda que, efectivamente, segue a rexistrarse un incremento superior á taxa de crecemento definida polo Goberno, vese que a referencia do ano 2018, en canto a obrigas recoñecidas, non é moi válida, pois representa unha tendencia oposta á mantida con carácter xeral nos exercicios anteriores.

Seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda, resultaría que a evolución dos ingresos e gastos dos orzamentos do Concello de Quiroga, baixo a hipótese de non producirse cambios nas políticas fiscais e de gastos, é a recollida nos cadros seguintes:

INGRESOS. INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA. Estimación dos dereitos recoñecidos á data fin de exercicio.

ESTADO DE INGRESOS NON FINANCEIROS

CAPÍTULO	CONCEPTO	DRN 2019 (1)	DRN 2020 (2)	DRN 2021 (3)
1	Impostos directos	1.064.065,04	1.100.000,00	1.100.000,00
2	Impostos indirectos	18.122,52	12.000,00	12.000,00
3	Taxas e outros ingresos	468.525,04	500.000,00	500.000,00
4	Transferencias correntes	1.763.050,87	1.750.000,00	1.750.000,00
5	Ingresos Patrimoniais	7.939,76	18.000,00	18.000,00

6	Alleamento investimentos	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	488.134,68	639.000,00	639.000,00
TOTAL		3.809.837,91	4.019.000,00	4.019.000,00

(1) - Dereitos recoñecidos netos

(2) - Previsión de dereitos recoñecidos netos

(3) - Previsión de dereitos recoñecidos netos

ESTADO DE GASTOS NON FINANZEIROS

Capítulo	Concepto	ORN 2019 (1)	ORN 2020 (2)	ORN 2021 (3)
1	Gastos de persoal	1.645.523,20	1.600.000,00	1.600.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.447.736,45	1.250.000,00	1.250.000,00
3	Gastos financeiros	20.344,81	18.000,00	18.000,00
4	Transferencias correntes	111.624,88	120.000,00	120.000,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	797.954,78	450.000,00	450.000,00
7	Transferencias capital	13.906,61	90.000,00	90.000,00
TOTAL		4.037.090,73	3.528.000,00	3.528.000,00

(1). Obrigas recoñecidas netas +/- axustes liquidación (1.588.072,44) = **2.449.018,29 €**

(2). Previsión de obrigas recoñecidas netas a final de exercicio.

(3). Previsión de obrigas recoñecidas netas a final de exercicio

As previsións de ingresos e gastos de 2020 e 2021 realizáronse tendo en conta as porcentaxes de execución do Estado de Ingresos e Gastos dos tres últimos exercicios, corrixindo a incongruencia dos datos da liquidación do exercicio 2018; a evolución da liquidación do presente exercicio 2020; as subvencións concedidas por outras Administracións ao Concello (entre elas, as extraordinarias para paliar os efectos da actual pandemia Covid-19), e unha porcentaxe prevista sobre as solicitadas pendentes de resolución, así como o prazo obrigatorio de execución destes gastos conforme as súas bases; e as previsións de gastos e ingresos recollidos no Orzamento 2020.

De acordo con estas previsións, resultarían as seguintes magnitudes:

Regra de Gasto (Eercicio 2018)				
Gasto Computable Liquidación 2017	Taxa de referencia	Límite gasto 2018	Gasto Computable Liquidación 2018	Cumprimento (+) Incumprimento (-)
2.004.068,61	2,40%	2.052.166,26	1.775.924,66	276.241,60

Regra de Gasto (Eercicio 2019)				
Gasto Computable Liquidación 2018	Taxa de referencia	Límite gasto 2019	Gasto Computable Liquidación 2019	Cumprimento (+) Incumprimento (-)
1.775.924,66	2,70%	1.823.874,63	2.449.018,29	-625.143,66

Regra de Gasto (Previsión Ejercicio 2020)				
Gasto Computable Liquidación 2019	Taxa de referencia	Límite gasto 2020	Gasto Computable Liquidación 2020	Cumprimento (+) Incumplimento (-)
2.449.018,29	2,90%	2.520.039,82	2.318.000,00	202.039,82

Regra de Gasto (Previsión Ejercicio 2021)				
Gasto Computable Liquidación 2020	Taxa de referencia	Límite gasto 2021	Gasto Computable Liquidación 2021	Cumprimento (+) Incumplimento (-)
2.318.000,00	3,00%	2.387.540,00	2.318.000,00	69.540,00

Para o cálculo da regra de gasto aplicáronse os coeficientes aprobados polo Consello de Ministros de data 11 de febreiro 2020

- 2019: 2,70 %
- 2020: 2,90 %
- 2021: 3,00 %

4.- SEGUNDA FASE: MEDIDAS. DESCRICIÓN, CONTIFICACIÓN E CALENDARIO

Tendo en conta que a situación da Corporación é netamente positiva, como o corroboran diversas ratios de aforro bruto, aforro neto, remanente de tesourería para gastos xerais (todos eles positivos), así como a estabilidade orzamentaria da mesma, este Plan Económico Financeiro consta das seguintes medidas que se centran na redución dos empregos non financeiros:

4.1.-NO ESTADO DE GASTOS

Tal como se puxo de manifesto na análise das causas do incumplimento da Regra de Gasto no exercicio 2019, este foi motivado, fundamentalmente, polo traslado ao exercicio de 2019 de moitos gastos correspondentes ao exercicio 2018, os cales, por motivos de carácter administrativo, no se executaron totalmente dentro do seu exercicio, incorporándose ao exercicio do 2019, ao que se imputaron, polo tanto, os correspondentes recoñecementos das obrigas de pagamento.

Así, obsérvase que no capítulo de investimentos, produciuse un incremento de 461.385,21 euros, fundamentalmente derivados da incorporación de créditos do exercicio 2018.

No capítulo 2º rexístrase, asemade, un importante incremento, de 280.880,86 euros, debidos a maiores gastos na xestión dos equipamentos de Servizos Sociais, reparación de infraestrutura viaria urbana e rural, e xestión de eventos e actividades culturais.

- Por esta razón, as medidas a adoptar no estado de gastos redúcense á procura da execución no propio exercicio no que se aproba o gasto, agás naqueles casos que a adquisición de compromisos non permita a execución e recoñecemento das obrigas antes do remate do ano.
- Ao mesmo tempo, analizaranse os contratos de xestión de servizos, de forma que, nos casos en que rematen antes do 31/12/2021, pódanse obter melloras económicas sen prexudicar a intensidade e a calidade do servizo.
- Inda que xa nos últimos anos levouse a cabo un control exhaustivo das instalacións eléctricas, tanto de edificios como de iluminación pública, seguirase a traballar na máxima eficiencia da subministración, co fin de reducir o gasto neste apartado.
- En canto aos gastos en eventos de carácter cultural, lúdico e deportivo, a situación de crise derivada da pandemia da COVID-19 producirá un importante descenso, pois moitos non poderán celebrarse e outros terán un carácter máis sinxelo. De tódolos xeitos, procurarase obter un financiamento alleo máis amplo, reducindo as achegas dos fondos propios do Concello.

4.2.- NO ESTADO DE INGRESOS.

Dada a situación de crise actual, é difícil implementar medidas para o incremento dos ingresos, pois a maioría ten carácter tributario, e se considera moi contraproducente elevar a carga tributaria dos cidadáns.

Polo tanto, a única medida que se plantexa é a de obter unha maior porcentaxe de financiamento alleo para investimentos e prestación de servizos.

5.- TERCEIRA FASE. CONCLUSIÓN DO PEF

Facendo unha proxección cos datos recollidos anteriormente e as medidas que se pretenden adoptar, resultarían as seguintes magnitudes:

Exercicio	Ingresos / Gastos Non Financeiros		Axustes		Capacidade/Necesidade de Financiamento
	DRN	ORN	Propios	Ops. Internas	
2019	3.809.837,91	4.037.090,73	264.685,73	0,00	37.432,91
2020	4.019.000,00	3.528.000,00	250.000,00	0,00	741.000,00
2021	4.019.000,00	3.528.000,00	250.000,00	0,00	741.000,00

Regra de Gasto (Exercicio 2019)				
Gasto Computable Liquidación 2018	Taxa de referencia	Límite gasto 2019	Gasto Computable Liquidación 2019	Cumprimento (+) Incumprimento (-)
1.775.924,66	2,70%	1.823.874,63	2.449.018,29	-625.143,66

Regra de Gasto (Previsión Exercicio 2020)				
Gasto Computable Liquidación 2019	Taxa de referencia	Límite gasto 2020	Gasto Computable Liquidación 2020	Cumprimento (+) Incumprimento (-)
2.449.018,29	2,90%	2.520.039,82	2.318.000,00	202.039,82

Regra de Gasto (Previsión Exercicio 2021)				
Gasto Computable Liquidación 2020	Taxa de referencia	Límite gasto 2021	Gasto Computable Liquidación 2021	Cumprimento (+) Incumprimento (-)
2.518.000,00	3,00%	2.593.540,00	2.318.000,00	275.540,00

6.- CUARTA FASE. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

Unha vez aprobado o Plan polo Pleno da Corporación, tralos trámites de publicidade e información previstos pola norma, entre eles a posta en coñecemento da Comisión Nacional da Administración Local, e unha vez postas en marcha as medidas que inclúe é preciso que se proceda a comprobar periodicamente que estas nos permiten alcanzar os obxectivos marcados.

Ditas comprobacións realizaranse pola Intervención municipal con ocasión do cumprimento das obrigas trimestrais de remisión de información por parte do Concello ó Ministerio de Facenda. Dos citados informes darase conta ao pleno da Corporación e ós órganos encargados da execución do mesmo para que adopten as medidas complementarias que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos marcados polo Plan.

Con carácter definitivo comprobarase pola Intervención municipal, con ocasión da aprobación da Liquidación do Presupuesto de cada exercicio económico, o cumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto.

Si en ditos informes se aprecia cumprimento dos obxectivos marcados darase por finalizada a execución do Plan Económico-financeiro

Si en ditos informes apreciase incumprimento dalgún dos obxectivos marcados remitirase ao Pleno da Corporación para que nos prazos que marca a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, se proceda a súa revisión e aprobación coas medidas complementarias necesarias para alcanzar os obxectivos legalmente establecidos.

7.- CONCLUSIÓNS

No informe emitido pola Intervención municipal en relación á Liquidación do exercicio 2019 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.

Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Presidencia formula o presente Plan Económico Financeiro para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

Considérase que se cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final dos exercicios 2020 e 2021, con ocasión da aprobación da súa liquidación.

En Quiroga, 16 de xuño de 2020.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1719

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 4/2020- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 17.472,38 € (Dezasete mil catrocentos setenta e dous euros con trinta e oito céntimos), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 148, de data 30/06/2020), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

PARTIDAS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

Partida	Denominación	Crédito definitivo antes da modificación	Importe baixa	Crédito definitivo despois da modificación
912.100	Órganos de Goberno. Retribucións básicas e outras remuneracións dos membros dos órganos de goberno.	32.000,00 €	2.200,00 €	29.800,00 €
912.160	Órganos de Goberno. Cotas sociais.	10.000,00 €	800,00 €	9.200,00 €
920.120	Administración Xeral. Retribucións básicas.	38.000,00 €	5.500,00 €	32.500,00 €
920.121	Administración Xeral. Retribucións complementarias.	37.000,00 €	4.800,00 €	32.200,00 €
920.160	Administración Xeral. Cotas sociais.	28.000,00 €	4.172,38 €	23.827,62 €
			Total 17.472,38 €	

PARTIDAS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

PARTIDA	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO ANTES DA MODIFICACIÓN	IMPORTE ALTA	CRÉDITO DEFINITIVO DESPOIS DA MODIFICACIÓN
453.619	Estradas. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	0,00 €	17.472,38 €	17.472,38 €
			Total 17.472,38 €	

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos núm. 4/2020 no orzamento para o ano 2020, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 por remisión do art. 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

En Ribeira de Piquín, a 31 de xullo de 2020.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1720

SARRIA

Anuncio

Resolución de Alcaldía do Concello de Sarria pola que se aproba inicialmente o Proxecto de Urbanización.

Logo de aprobar inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 11 de marzo do 2020, o Proxecto de Urbanización 2ª fase (Unidade de Execución 2) do sector de chan urbanizable industrial da actuación urbanística industrial "Morelle", Sarria (Lugo), promovido pola entidade SEPES Entidade Pública Empresarial do Solo, redactado e subscrito polo Arquitecto D. Javier González Ramiro.

De conformidade co artigo 96.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sométese a información pública por prazo de *un mes* contado desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sarria.sedelectronica.es>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Igualmente, durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Sarria, 29 de xullo de 2020.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1684

O VICEDO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2020, aprobou a modificación do prezo público pola prestación do servizo de atención á infancia (PAI) do Concello do Vicedo. Dando cumprimento ó disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procédese á publicación do texto íntegro do citado acordo:

ACORDO

1.- Modificar o prezo público establecido pola prestación do servizo de punto de atención á infancia (PAI), que se regulará de acordo coas normas establecidas neste acordo.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Consonte os artigos 41 a 47 e 127 da Lei reguladora de facendas locais (texto refundido aprobado polo Rdl 2/2004, do 5 de marzo -en diante, LRFL), este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de punto de atención á infancia (PAI) do Concello do Vicedo.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo de punto de atención á infancia (PAI) do Concello do Vicedo.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do punto de atención á infancia (PAI) do Concello do Vicedo.

ARTIGO 4.- CONTÍA

O prezo público mensual esíxese con suxeición ás seguintes tarifas, segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

CADRO DE PREZOS DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA	
Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) e tramos de renda per cápita da unidade familiar.	Atención educativa
Renda inferior ó 30% do IPREM	0
Renda Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	0
Renda Entre o 50 % do IPREM e inferiores ao 75 % do IPREM	34,91
Renda Entre o 75 % do IPREM e inferiores ao 100 % do IPREM	69,81
Renda Entre o 100 % do IPREM e inferiores ao 125 % do IPREM	112,13
Renda Entre o 125 % do IPREM e inferiores ao 150 % do IPREM	133,29
Renda Entre o 150 % do IPREM e inferiores ao 200 % do IPREM	147,05
Renda Superiores ó 200% do IPREM	169,26

DESCONTOS (non acumulables entre si)	
Familia numerosa	20 %
Familia monoparental	20 %
Ingreso despois do día 15 do mes	50 % da cota
Media xornada	50 % da cota
As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota	
Cando o neno ou nena para o que se solicite a praza ocupe o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos fillos/-as que compoñen a unidade familiar, aplicaráselles o establecido na disposición adicional novena de Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.	

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGO E PRAZOS DE PAGO

1. A obrigación de pago xurdirá con carácter xeral cando se inicie a prestación dos servizos correspondentes, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes. Porén, cando por causas non imputables ao demandante do servizo este non se chegue a prestar, procederá a devolución do importe efectivamente aboado.
2. Os prezos esixiranse en réxime de depósito previo, que se realizará cando se solicite a prestación do servizo e, en todo caso, antes do seu comezo, aboándose mediante autoliquidación. O ingreso efectuarase nas entidades financeiras autorizadas polo Concello.
3. Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas, que queiran usar os servizos do punto de atención á infancia do Concello do Vicedo, deberán solicitalo indicando se desexan media xornada ou xornada completa. Se o número de solicitudes de uso do PAI fose superior ás disponibilidades reais, aplicarase o criterio de prioridade temporal segundo a orde de entrada das solicitudes.
2. O usuario deberá entregarlle ao responsable da instalación unha copia do resguardo do pago.

ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO DE PREMA

As débedas por impago dos prezos serán esixibles polo procedemento de constrinximento consonte os artigos 10.1 e 46.3 da LRFLL.

ARTIGO 8. DELEGACIÓNS

De acordo co artigo 47 da LBRL, o establecemento de novos prezos ou tarifas, así como a modificación das existentes delégase na Xunta de Goberno Local do Concello.

DISPOSICION DERRADEIRA

O presente acordo entrará en vigor e será de aplicación trala súa publicación no Boletín oficial da provincia de Lugo e no taboleiro de edictos da Corporación.

ANEXO:***“Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.”***

Para determinar a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos/as cónxuxes non separados/as

legalmente e:

- As fillas e os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento das nais e/ou dos pais, vivan independentes destes.

- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación

existente a 31 de decembro do último exercicio fiscal cerrado e con prazo para a presentación da declaración de IRPF vencido.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para estes efectos, tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao último exercicio fiscal cerrado e con prazo para a presentación da declaración de IRPF vencido.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando forme parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre doce.

O Vicedo, 30 de xullo de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1721

XOVE**Anuncio**

Por Decreto da Alcaldía de data 27 de Xullo de 2.020, prestouse aprobación inicial ó Padrón do Imposto de Actividades Económicas correspondente ó exercicio de 2.020 pola parte cuia xestión corresponde ao Concello de Xove.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago do imposto, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcurrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ninguna reclamación contra o mesmo.

PERIODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 1 de setembro a 31 de outubro na entidade bancaria Banco Santander, Sucursal de Xove, no horario de apertura ó público da mesma, de 8.30 a 14.00 horas, de acordo co disposto no artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que os interesados poderán interpor ante o Alcalde-Presidente e contra a aplicación e efectividade do Tributo acordada o recurso de reposición a que se refire o artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio no B.O.P. O recurso entenderase desestimado de non ter recaído resolución no prazo máximo dun mes.

Transcurrido o prazo de pago en periodo voluntario, iniciárase o periodo executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, devengando o recargo de apremio, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, dacordo co establecido no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria, e segundo preceptúa o Regulamento Xeral de Recaudación.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e periodo de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Xove, 27 de xullo de 2020.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1685

MANCOMUNIDADE DA TERRA CHÁ

Anuncio

NOTA ACLARATORIA EN RELACIÓN AS BASES DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO DE FORMACIÓN DUNHA LISTA DE EMPREGO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS INTERINOS DE POSTO DE ARQUITECTO/A NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA “TERRÁ CHÁ”.

En relación ao disposto na Base 6º relativa a *contido, desenvolvemento e cualificación do proceso*, que consta literalmente o seguinte

(...)

- **Formación:**

Por estar en posesión do CURSO SUPERIOR TÉCNICO DE URBANISMO COAG convocado pola EGAP : 2 puntos

Para acreditar este extremo deberá presentar o Título do curso.

Consta erro tipográfico, debendo constar:

2. **Formación:**

Por estar en posesión do CURSO SUPERIOR TÉCNICO DE URBANISMO convocado pola EGAP : 2 puntos

Para acreditar este extremo deberá presentar o Título do curso.

Polo anterior, debe aclararse este extremo e publicarse na web e no BOP de Lugo onde foran publicadas as bases.

Cospeito, 31 de xullo de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1725

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 4 DE GIJÓN

Anuncio

D/Dª OLGA PEÑA GARCIA, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 004 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 68/2020 de este Juzgado de lo Social se han dictado las siguientes resoluciones **cuyos datos se hacen constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra las que cabe interponer el recurso que se indica:**

-Auto de fecha 22/07/2020 (Desp. Ejecución)

-D. ORDENACIÓN 22/07/2020 señalando comparecencia con **CITACIÓN PARA COMPARECENCIA** para el día **08/10/2020 A LAS 09:50 HORAS.**

RECURSO QUE CABE: REPOSICIÓN para ambas

PLAZO PARA INTERPONER RECURSO: TRES DIAS

PERSONA A LA QUE SE NOTIFICA y CITA: GOÑI INTERIORISMO S.L.U.

Y para que sirva de notificación en legal forma a **GOÑI INTERIORISMO S.L.U.**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

GJON, veintidós de julio de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1686
